



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Lista definitiva admitidas/os e excluídas/os proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición.

ANUNCIO

Lista definitiva admitidas/os e excluídas/os proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo.

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal nº 43/2023 do 18 de xaneiro de 2023, resolverse o seguinte:

“**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva das/dos aspirantes admitidas/os e excluídas/os provisionalmente do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo, de acordo co seguinte detalle:

ADMITIDOS/AS		
APELIDOS E NOME	DNI	EXENCIÓN EXAME GALEGO
AYMERICH RICO, ANA	***903***	SI
CARUNCHO ALONSO, ANTONINO	***438***	SI
CORROCHANO CORROCHANO, LUIS	***140***	SI
LOPEZ RODRIGUEZ, ANA	***634***	SI
PEREIRA ALVAREZ, RUBEN	***875***	SI
RUMBO RAMOS, IVAN	***545***	SI

EXCLUÍDAS/OS PROVISIONALMENTE			
APELIDOS E NOME	DNI	EXENCIÓN EXAME GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
-----	----	----	----

Segundo.- Determinar a composición do tribunal cualificador, de acordo co seguinte detalle:

- Presidente:
 - Titular: María de las Nieves Fuentes Bermejo (xefa da asesoría xurídica)
 - Suplente: María Isabel Buján Bernárdez (xefa de servizo de dinamización, formación e emprego)
- Secretario:
 - Titular: Francisco Javier Varela Tejedor (xefe do gabinete técnico)
 - Suplente: a persoa que exerza a secretaría xeral nese momento.
- Vogais:
 - Titular: Almudena Filgueira Vizoso (enxeñeira industrial da escola politécnica de Ferrol)
 - Suplente: María Dolores Cociña Cabanas (técnica de urbanismo)

- Titular: Laura Castro Santos (enxeñeira industrial da escola politécnica de Ferrol)
 - Suplente: Roberto Babío Fernández (xefe de servizo de economía e facenda)
- Titular: Pablo Bouza Suárez (xefe de servizo de cultura e educación)
 - Suplente: María Gema Vázquez López (tesoureira municipal)

Terceiro.- Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran algunha das circunstancias previstas, respectivamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo o día 13 de febreiro de 2023 ás 10:00 horas na casa consistorial sita na rúa do Concello, 12.

Quinto.- Nomear como persoal colaborador do tribunal cualificador do proceso selectivo a don Marcos Novás Rodríguez e dona Áurea María Rodríguez Fiuza.

Sexto.- Equiparar ao persoal colaborador, do tribunal cualificador para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo, don Marcos Novás Rodríguez e dona Áurea Rodríguez Fiuza, aos únicos efectos do cálculo da contía por asistencia, aos vogais do tribunal.

Sétimo.- Convocar as/os aspirantes a realización do 1º exercicio da fase de oposición, na data, hora e lugar que se indican:

Data: 17 de febreiro de 2023

Hora: 12:00 horas

Lugar: Salón de plenos do Concello de Culleredo sito na rúa do Concello, 12.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4.3 das bases específicas desta convocatoria.

Culleredo, á 20 de xaneiro de 2023

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. (Resolución do 13/07/2020

BOP nº 114 do 23/07/2020)

2023/369